

# Anuario das Aves de Galicia: Especial Décimo Aniversario (1992-2002)

Sociedade Galega  
de Ornitoloxía



Bubela (*Upupa epops*) en Valdoviño (CO). Foto: Antonio Gutiérrez.

## O “Anuario Especial”

Unha vez definidas as pautas de como se vai levar á práctica o proxecto, a comezos de xullo de 2007, abriuse o prazo para o envío de citas para o futuro **Anuario das Aves de Galicia: Especial Décimo Aniversario (1992-2002)**, coordinado por Xurxo Pinheiro Álvarez ([xurxolusitanica @ hotmail.com](mailto:xurxolusitanica@hotmail.com)), se ben foi concebido nunha primeira etapa por máis persoas (César Vidal, Ignacio Munilla, etc.).

O presente Anuario das Aves de Galicia: Especial Décimo Aniversario (1992-2002) preséntase despois da saída á rúa do décimo volume do Anuario das Aves de Galicia, correspondente ao ano 2002.

Porén, a través da Sociedade Galega de Ornitoloxía (SGO) propónse a todos os seus socios e socias, e tamén a todos os afeizoados e afeizoadas ás aves en xeral, a tomar parte desta nova iniciativa que consiste na recompilación de toda a información inédita (non publicada por calquera razón) referida á avifauna de Galicia e concellos limítrofes da zona do Eo-Navia, Bierzo Occidental, A Cabreira, As Portelas e do extremo norte de Portugal, nestes 10 anos abarcados polos Anuarios das Aves de Galicia (1992-2002), así como, e isto é tamén importante, datos anteriores a 1992, incluíndo o século pasado,

para a futura publicación do que será un volume especial conmemorando os 10 anos de Anuarios das Aves de Galicia.

Para facer realidade este proxecto, solicitamos o envío de información e material inédito, como por exemplo rexistros de relevancia, notas de campo, debuxos ou fotografías de interese de calquera ano anterior a 2002, á nosa conta de correo electrónico: [anuario @ sgosgo.org](mailto:anuario@sgosgo.org) ou ao apartado de correos 581, 15700 Santiago de Compostela (Galicia), con base aos seguintes criterios e modelos de envío de citas:

1) Para os anos anteriores a 2000, todas as citas de interese segundo os criterios expostos no artigo **De Souza, J. A. 1998. *Criterios específicos para o envío de observacións***, en De Souza, J. A.; Martínez, M.; Monteagudo, A.; Pérez, G. e Sandoval, A. 1998. *IV Anuario das Aves de Galicia 1996*: 17-44, considerando a actualización deste artigo aplicábel aos eventuais rexistros de 2001 e 2002 que se pode descargar aquí: <http://www.sgosgo.org/archivos/criteriosaag.pdf>. É importante ter en conta certas particularidades se facemos referencia a observacións antigas de especies que experimentaron cambios drásticos nas súas áreas de distribución nas últimas décadas ou incluso séculos [por exemplo, expansión significativamente alta en *Egretta garzetta*, *Larus melanocephalus* ou *Sylvia melanocephala*; expansión leve ou moderada de *Ardea cinerea*, *Phalacrocorax carbo* ou *Larus michahellis*; retracción leve ou moderada en *Alauda arvensis*, *Charadrius alexandrinus* ou *Upupa epops* e significativamente alta en *Tetrao urogallus*, *Alectoris rufa* (autóctona) ou *Uria aalge* (nidificante)].

2) Recolleranse correccións e ampliacións de información (datas, observadores e lugares) de rexistros xa publicados noutros Anuarios das Aves de Galicia.

**O prazo para a recepción da información remata o 31 de decembro de 2007.**

Resumindo, animar a tod@s a "rescatar" esas libretas de campo e as vosas caixas de diapositivas para, entre todos, confeccionar este Anuario Especial, que de seguro se convertirá nun referente na ornitloxía galega unha vez publicado.

**Sociedade Galega de Ornitloxía**  
Xullo de 2007